

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da materia de Novas Tecnoloxías
Curso 3º do grao profesional

Curso escolar 2023 / 2024

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE NOVAS TECNOLOXÍAS

CURSO 2023-2024

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA NA MATERIA DE NOVAS TECNOLOXÍAS.
2. OBXETIVOS.
3. CONTIDOS.
4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA).
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.
7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.
8. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO.
9. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
11. PROBAS DE ACCESO

NOVAS TECNOLOXÍAS

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA NA MATERIA DE NOVAS TECNOLOXÍAS.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes de Novas Tecnoloxías no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

2. OBXECTIVOS.

A ensinanza de Novas Tecnoloxías no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1.- Coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, secuenciadores e editores de audio dixital.

2.- Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento práctico de actividades propostas nesta materia.

3.- Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a información musical.

4.- Sentar as bases dun coñecemento a nivel técnico sobre os parámetros do audio dixital.

5.- Coñecer a nivel básico os dispositivos de reprodución e gravación usados nos estudos especializados.

6.- Comprender as terminoloxías usadas dentro da informática musical e os contornos de tratamento de audio analóxico e dixital.

7.- Valorar a importancia do coñecemento tecnolóxico no desenvolvemento actual do músico profesional.

3. CONTIDOS

Os contidos na materia de Novas Tecnoloxías do 3o curso de grao profesional son os seguintes:

*PRIMEIRO TRIMESTRE:

a) Aplicacións da informática á música.:

b) Informática básica.

c) Escribir partituras: Musescore.

Exercicios: Práctica de partituras nos dous editores de música: Copias, adaptacións e arranxos.

*SEGUNDO TRIMESTRE:

- a) Escribir partituras: Musescore, continuación.
- b) Adestramento auditivo. Audacity.

Exercicios: Coñecemento e edición de audio cos programas Audacity baseados nos exercicios realizados no primeiro trimestre.

*TERCEIRO TRIMESTRE:

- a) Edición de programas de man.
- b) Edición de carteis promocionais de eventos musicais.
- c) Edición de vídeo. Videopad.

Exercicios: Traballo e coñecemento co Videopad e realización de programas de man e cartelería en colaboración cos distintos departamentos do Conservatorio de Carballo.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA)

Cóntanse con suficientes ordenadores con software libre na aula de novas tecnoloxías, co que non é necesario compartir ordenador. Aínda así, fomentárase o traballo en equipo, sendo moitos dos proxectos da materia de carácter colectivo, o que é un aspecto fundamental de socialización e integración.

Como un só curso non é dabondo para dominar un tema moi amplo, o obxectivo principal vai ser fomentar a autonomía do alumno e espertar o seu interese. Todo isto vai ser levado a cabo a través de actividades feitas en clase relacionadas coas unidades didácticas, realizadas en equipo. Esta materia é eminentemente práctica.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

PRIMEIRO TRIMESTRE

Tema: Edición de partituras, Musescor.

Escribir partituras con calquera grupo de instrumentos, voces, letras, figuracións, articulacións, cambios de compás e claves.

Exportar como midifile e importar partituras.

SEGUNDO TRIMESTRE

Tema: Audacity e Musescor

Aprender a gravar, reproducir e editar audios

Profundar no coñecemento do Audacity e Musescor

TERCEIRO TRIMESTRE

Tema: Videopad

Realización dun proxecto que inclúa vídeo e audio, coordinación, balances e estrutura do vídeo.

Tema: Edición de programas de man e carteis

Coñecer a estrutura dun programa de man

Combinar imaxes e textos nun arquivo

Utilizar calquera software libre que nos axude a edición dun programa de man e carteis.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é continua e integradora, cun carácter formativo e orientador do proceso educativo. A asistencia a clase é algo indispensable para poder avaliar o alumno. Por ese motivo, a existencia de catro faltas inxustificadas ou mais por trimestre, conlevará que o alumno terá que realizar un exame onde a ponderación será do 100% da nota. Os instrumentos para avaliar van ser a observación e seguimento semanal dos alumnos e exames teórico-prácticos durante o trimestre.

A duración desta proba non excederá de 90 minutos e será convocatoria única.

As calificacións van ser de 1 a 10, sendo necesario ó menos un 5 para aprobar.

Para superar o curso será necesario aprobar todos os trimestres. A nota final será a media das notas dos mesmos .

-1º 2º e 3º trimestre:

O traballo na clase valorarase un 50%.

As diferentes probas teóricas, un 30%.

A actitude (asistencia, interese, puntualidade e comportamento) un 20%.

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os trimestres non aprobados poderán recuperarse no trimestre seguinte, agás o último, no que se fará unha proba de recuperación ó final do mesmo.

Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que consistirá en tres traballos do estilo que foron feitos durante o curso, a determinar polo docente, dos contidos da materia. Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter un 5 en cada un dos exercicios.

A duración desta proba non excederá de 90 minutos e será convocatoria única.

A proba realizarase no mes de xuño na aula e no horario correspondente á materia a recuperar.

8. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

A proba extraordinaria de xuño consistirá en:

Tres traballos do estilo que foron feitos durante o curso, a determinar polo docente dos contidos da materia. Para unha avaliación positiva desta proba o

alumnado deberá ter un 5 en cada un dos exercicios.

A duración desta proba non excederá de 90 minutos e será convocatoria única

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de Novas Tecnoloxías reflexados na Programación.

9. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra poderase conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.

b) As matrículas de honra serán propostas polo profesorado que imparte a materia de Novas Tecnoloxías.

c) As propostas do departamento elevaranse á Comisión de Coordinación

Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O alumnado do Conservatorio habitualmente ten unha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os seus estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os seus estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc.. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

- 1.Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan ós diferentes graos de aprendizaxe.

- 2.Variacións de metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.

- 3.Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.

- 4.Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

- 5.Acelerar ou frear o ritmo de introdución dos novos contidos adaptándose ao alumno individualmente. A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

11. PROBAS DE ACCESO

A proba de acceso a 4º de Grao Profesional vai consistir en:

- Escritura de partituras (40 % da nota): Transcrición dunha partitura co programa Musescore que poderá ter: acordes, articulacións, expresións, matices, ligaduras de prolongación e de fraseo, notas de adorno, tresillos ou cinquillos, engadir e borrar compases, escritura en capas, formateo e exportación da partitura.

- Editar un audio no Audacity a dúas voces ou dun vídeo no Videopad (30% da nota)

O tempo de realización da proba será dunha hora.

- Edición dun programa de man e cartel. (30% da nota)

Para poder facer media necesitarase un mínimo de 4 puntos sobre 10 en cada unha das probas.